

PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2025, IN606B

Pregunta	Asunto / Artigo
ASPECTOS TÉCNICOS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA Para ese tipo de dúbidas cómpre chamar ao 012 e, ademais, aconséllase: 1. A Chave 365 como dispositivo para a identificación e sinatura de documentos (e pola súa facilidade e rapidez para obtela -na páxina web correspondente indican unha ampla rede de puntos para solicitala-). 2. Cando chamen ao 012 para cuestións técnicas recomendar aos administrados que, se é posible, o fagan na compañía de persoal informático do centro dende onde chamen. Como podo ter a condición de persoa candidata para presentarme a estas axudas? As persoas que desexen ser presentadas a estas axudas, deberán poñerse previamente en contacto coas posibles entidades beneficiarias (Universidades públicas do SUG, organismos públicos de investigación de Galicia, fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia ou centros do CSIC radicados en Galicia) e ofrecer a estas o seu perfil. Como teñen que facer os administrados para preparar a solicitude? En primeiro lugar, temos que distinguir entre entidades solicitantes e persoas candidatas. <u>As entidades solicitantes son as que teñen que presentar a solicitude de axuda e as que, en todo caso, serán as beneficiarias das axudas.</u> Por outra banda, as persoas candidatas deberán ser seleccionadas polas entidades solicitantes de forma previa ao período de presentación de solicitudes. Estas persoas non son as beneficiarias das axudas. Para a preparación da documentación, tanto as entidades solicitantes como as persoas candidatas, deberán visitar a Sede Electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/portada) e buscar "Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral" no buscador da devandita sede (código ED481B para as Universidades do SUG; código IN606B para as demais entidades). <u>Importante: este procedemento estará activo na Sede Electrónica a partir do día seguinte á publicación no DOG desta convocatoria.</u> Na lapela de Presentación da Sede Electrónica teñen todos a Sección de "Anexos Asociados", que as persoas investigadoras solicitantes poderán cubrir e gardar como BORRADOR que, posteriormente, poderá ser compartido coa entidade que vaia a presentar e asinar a solicitude a través desta Sede electrónica. O Anexo II (para solicitudes no ámbito do SUG) ou o Anexo II bis (para solicitudes de entidades alleas ao SUG) é o formulario de solicitude principal que deberá ser asinado electronicamente pola persoa representante legal da entidade solicitante. O resto de anexos e documentación presentada poderá ser asinada manual ou electronicamente (ou, no caso de ter varias sinaturas, manual e electronicamente nun mesmo documento).	Cuestións xerais

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN
POSDOUTORAL 2025, IN606B**

Pregunta	Asunto / Artigo
Vou ser presentada a estas axudas a través dunha universidade do SUG. A onde teño que dirixirme para obter información? No seu caso, o órgano tramitador da solicitude na que figura é a Secretaría Xeral de Universidades coa que poderá contactar a través dos teléfonos 881995152 / 881995980 ou do correo promocioncientifica.educacion@xunta.gal. Vou ser presentada a estas axudas a través dunha entidade allea ao SUG. A onde teño que dirixirme para obter información? No seu caso, o órgano tramitador da solicitude na que figura é a Axencia Galega de Innovación, coa que poderá contactar a través dos teléfonos 881999213 / 981543991 ou do correo electrónico axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal.	Órganos tramitadores Artigo 10.1
Podo presentarme a esta convocatoria se eu, como persoa candidata, non teño ningún dos méritos especificados no artigo 12.2? Este requisito refírese ao grupo de investigación no que se vai a integrar a persoa candidata e, como tal, é obligatorio. Cómpre dicir que vostede, en calidade de persoa candidata, non ten que cumprir algunha destas condicións, pero si terá que facelo o grupo de investigación que figure na solicitude.	Artigo 7.1.j) Artigo 12.2
Haberá unha reserva de prazas para persoas con discapacidade? Si, 3 prazas no ámbito do SUG e 1 no da Axencia Galega de Innovación (sempre e cando se acredite correctamente unha discapacidade igual ou superior ao 33%). Se teño un certificado de discapacidade da Xunta de Galicia, teño que achegalo coa solicitude? Non, só tería que achegalo no caso de que este fose expedido fóra da Xunta de Galicia. Iso si, terá que facelo constar no formulario Anexo III.	Artigo 3.4 Artigo 7.1.h)
É necesario entregar coa solicitude toda a documentación, incluída a documentación para a segunda fase da axuda? Non, coa solicitude inicial só hai que entregar a documentación indicada no artigo 7 das bases da convocatoria. Para acceder á segunda fase da axuda realizarase unha avaliación intermedia na terceira anualidade da axuda. Cunha anterioridade de 5 meses previos á finalización do contrato da primeira fase, haberá que entregar a documentación indicada no artigo 18.2 das ditas bases (esta documentación será requirida no seu momento polos órganos concedentes das axudas: Secretaría Xeral de Universidades ou Axencia Galega de Innovación, segundo o caso).	Artigo 7: documentación da solicitude inicial Artigo 18: avaliación intermedia e para a segunda fase
Existe algunha reserva de prazas para persoas de nacionalidade non comunitaria? Non hai requisitos de nacionalidade para a presentación de persoas candidatas a estas axudas (a diferenza das Predoutorais) e, polo tanto, tampouco hai un límite de prazas para persoas de nacionalidade non comunitaria. Agora ben, para acadar a condición de bolseira Fulbright é requisito ter a nacionalidade española.	Persoas non comunitarias

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN
POSDOUTORAL 2025, IN606B**

Pregunta	Asunto / Artigo
Eu estiven de baixa maternal no ano 2013, cumpriría os requisitos da axuda acreditando un título de licenciatura anterior ao 1 de xaneiro de 2014? Non, o artigo 2 non prevé supostos de excepcións para cumprir o requisito de obtención do título de licenciatura que, en todo caso, deberá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2014. Vostede pode presentarse, pero teña en conta que non cumprir este requisito será causa de exclusión nas correspondentes listas de solicitudes admitidas e excluídas. En cambio, o título universitario oficial de doutoramento terá que ser $\geq 01.01.2020$ (pero prevense excepcións para títulos de doutoramento $\geq 01.01.2018$ para persoas con maternidade, discapacidade $\geq 33\%$ ou que sufriran unha enfermidade grave). Recomendolle que lea atentamente a letra b) do artigo 2.2 das bases da convocatoria.	Artigo 2: beneficiarios
Eu rematei o mestrado (máster) no ano 2014 e parte deses créditos foron necesarios para obter o meu título de grao. Como sei se cumpo os requisitos? A entidade solicitante deberá entregar un certificado no que se fe faga constar en que universidade e con que data a persoa candidata obtivo o grao de doutoramento, así como a titulación que lle deu acceso ao devandito grao e a data de finalización destes estudos. Polo tanto, deberá informar con toda a documentación da que dispoña á entidade solicitante para certificar estas datas de finalización (desta declaración fálase no artigo 7.1.c).	
Eu estou actualmente a desfrutar dun contrato posdoutoral no estranxeiro cunha duración prevista de 3 anos, pero só levo desfrutados 6 meses deste. Podo presentarme a estas axudas? Vostede pode presentarse igualmente, pero moi posiblemente non vai cumprir este requisitos. Recomendolle que lea atentamente o requisito indicado no artigo 2.2.c), que establece que a persoa candidata non pode ter desfrutado dalgún tipo de contrato de investigación posdoutoral dentro dunha convocatoria de recursos humanos correspondente á etapa posdoutoral, incluídas as convocatorias de concorrencia competitiva de ámbito nacional ou autonómico. En particular non se admitirán axudas e/ou contratos que recollan estadías en centros de investigación no estranxeiro de 2 ou máis anos de duración; nin axudas e/ou contratos posdoutorais no estranxeiro que prevexan unha duración igual ou superior a dous anos. Por outra banda, no caso das persoas candidatas que foron seleccionadas noutros programas de axudas posdoutorais e que non houbesen asinado o contrato, poden presentarse a esta convocatoria, pero deberán entregar unha xustificación da non aceptación da axuda e/ou renuncia na que figure a data na que se produciu.	
É obrigatoria a realización de estadías no estranxeiro nesta convocatoria ou se pode presentar un plan de estadías en centros de Galicia ou do Estado? Si, nesta convocatoria é obrigatorio presentar un plan de estadías dun mínimo de 20 meses e un máximo de 24 meses no estranxeiro. Deberán terse en conta as características dos períodos de estadías indicadas no artigo 5.1.b) das bases da convocatoria. Por outra banda, nesta convocatoria non está prevista a realización de estadías en centros nacionais de fora de Galicia.	Artigo 5: características dos períodos de mobilidade e de permanencia no Sistema galego de I+D+i

PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL 2025, IN606B

Podo achegar coa solicitude un plan de estadías so asinado por min, en calidade de investigadora proposta para estas axudas?

Segundo o artigo 7.1.g) da convocatoria, para que o Plan de estadías teña validez deberá estar asinado pola persoa investigadora proposta e pola persoa directora do grupo de investigación da entidade solicitante.

Podería presentar un plan de estadías soamente asinado por vostede pero teña en conta que a correcta presentación deste documento será requirida na correspondente lista de solicitudes admitidas e excluídas.

É necesario que coa solicitude se acheguen as cartas de invitación para a aceptación da estadía nos centros estranxeiros?

Si, segundo o artigo 7.1.g) da convocatoria, deberá achegalas coa solicitude. Así mesmo non esqueza que estas cartas deberán ser asinadas **obrigatoriamente** pola persoa directora do centro estranxeiro ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos.

Se non as achega coa solicitude ou non están correctamente asinadas, requirirase a súa presentación e/ou emenda na correspondente lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

No caso dunha estadía para esta convocatoria, teño a obriga de escoller varios centros de destino ou podería realizar os 24 meses máximos de estadía nun único centro?

Poderá desenvolver un período mínimo de 20 meses e máximo de 24 nun único centro se así o desexa.

É obrigatoria a achega do plan de continxencia para esta convocatoria?

Non, nesta convocatoria xa non está previsto o plan de continxencia de estadías.

Se escollo como zona de estadía a 2, podo cambiar de zona xeográfica con posterioridade?

Non se debería: os orzamentos da resolución fanse en función das zonas de estadía seleccionadas polas axudas concedidas. Segundo as bases da convocatoria só se poderá autorizar un cambio de zona por circunstancias excepcionais correctamente xustificadas.

Así mesmo, un dos aspectos que se avalía nas solicitudes é o Plan de estadías (e a importancia científica dos centros propostos), en relación ao currículo e o plan de traballo presentado.

En todo caso a entidade beneficiaria podería presentar unha petición razoada (avalada polas sinaturas da persoa directora do grupo de investigación e a persoa investigadora) solicitando un cambio de zona. Agora ben, podería realizarse un cambio a unha zona de menor contía (por exemplo da zona 2 á zona 1) pero en ningún caso poderíase realizar un cambio a unha zona de maior contía. Neste senso, é recomendable ler con atención o artigo 5 da convocatoria.

E dentro da mesma zona, podería cambiar de país ou de centro receptor?

Si, motivando o cambio mediante unha petición razoada asinada pola persoa directora da tese e pola persoa investigadora.

Ao non saber aínda cando se van resolver estas axudas, como indico as datas de desenvolvemento do plan de estadías que teño que achegar coa solicitude?

As estadías no marco desta convocatoria deberán desenvolverse durante o período comprendido entre outubro de 2025 e setembro de 2027 (ambos os dous incluídos) e o seu cómputo será por meses completos, que necesariamente terán que comezar o primeiro día do mes e finalizar o último día do mes correspondente. Deste xeito, vostede deberá indicar no seu plan de estadías o mes de comezo e da finalización da súa estadía ou estadías. Ademais, debe lembrar que a duración mínima das estadías será de 20 meses (se fai unha única estadía) e a máxima de 24 meses (que, neste caso, poderán subdividirse en dous períodos de 12 meses).

Artigo 5:
características dos
períodos de
movilidade e de
permanencia no
Sistema galego de
I+D+i

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN
POSDOUTORAL 2025, IN606B**

Pregunta	Asunto / Artigo
Para ser bolseiro Fulbright, debo realizar todas as miñas estadías nos EUA ou poderei alternar un período de 12 meses nos EUA con outro diferente (tamén de 12 meses) en Portugal? Para ser bolseiro Fulbright, ademais doutros requisitos establecidos no artigo 2.2.d) das bases da convocatoria, como mínimo, deberá desenvolver unha estadía dun mínimo de 20 meses e un máximo de 24 meses obrigatoria e integramente nos EUA (por cuestións relacionadas coa problemática dos visados é mellor que consulte previamente na Comisión Fulbright España, informacion@fulbright.es, tlf. 91 702 7000, sobre a súa proposta de estadías nos EUA). Para as estadías das persoas candidatas que opten á condición de bolseiras Fulbright, teña en conta as características indicadas no artigo 5.1.b).5 das bases da convocatoria.	Bolsas Fulbright
Quero optar á condición de bolseiro Fulbright, pero quero realizar a miña estadía nos EUA en dous centros distintos. Podo facelo? Pode facelo, pero teña en conta que terá que realizar 2 estadías dun mínimo de 12 meses en cada un dos centros.	
Son unha persoa de nacionalidade francesa e quero presentarme á convocatoria posdoutoral coa condición de bolseiro Fulbright? Poderá presentarse á convocatoria pero non baixo a condición de Fulbright: segundo o artigo 2.2.d) das bases da convocatoria, para optar á axuda Fulbright, deberá ter nacionalidade española. Por outra banda, non esqueza que poderá presentar un plan de estadías que transcorra nos EUA pero sen a condición de Fulbright.	
Eu tiven un permiso por maternidade no ano 2015. Este feito pode repercutir na puntuación final que obteña nesta convocatoria? Poderá repercutir positivamente na súa puntuación no caso de que este período se producira entre os cinco anos anteriores á data de lectura da súa tese de doutoramento e a data de peche de presentación de solicitudes para esta convocatoria. O disfrute de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, parto ou lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo no período sinalado empregárase para calcular o denominado factor de corrección (disposto no artigo 11.3 das bases da convocatoria), que incrementará a puntuación obtida na avaliación da correspondente solicitude.	Factor de corrección (Artigo 11.3)
Na avaliación desta convocatoria, cal é a puntuación mínima a partir da cal podo obter unha axuda nesta convocatoria? Para garantir a calidade das propostas presentadas será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 60 puntos no proceso de avaliación para poder obter a axuda. Agora ben, ao tratarse dun proceso de concorrencia competitiva, a consecución da praza dependerá da puntuación obtida polo resto de persoas candidatas.	Artigo 11: avaliación
Se obteño na miña avaliación unha puntuación inferior a 60 puntos pero, polas miñas circunstancias, teño un factor de corrección, por mor dun permiso de paternidade, que pode aumentar esta puntuación, estou en disposición de obter a axuda? Non. O factor de corrección poderá engadirse á puntuación da súa avaliación sempre e cando, previamente, obteña nesta unha puntuación igual ou superior a 60 puntos.	

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN
POSDOCTORAL 2025, IN606B**

Pregunta	Asunto / Artigo
No caso de obter a axuda, poderíanse pedir anticipos para o seu pagamento? Non, nesta convocatoria xa non está previsto o pagamento de anticipos. Os pagamentos realizaranse anualmente, unha vez xustificada a subvención segundo o indicado no artigo 20.	Artigo 20: libramento da subvención
A selección das persoas destinatarias farase a partir da suma das valoracións feitas por un panel avaliador e pola Comisión de Selección. Para superar a puntuación mínima de 60 puntos que establece o artigo 11.2, poderían sumarse o máximo de 5 puntos que se indican no artigo 12 (puntuación referente ao grupo de investigación no que está integrado ou se vai a integrar a persoa investigadora)? Non, haberá que obter un mínimo de 60 puntos (segundo os criterios de avaliación expostos no Anexo I da convocatoria) e, no caso de chegar a eles (ou superalos) a Comisión de Selección poderá asignar un máximo de 5 puntos con respecto aos ítems establecidos no artigo 12.2. No caso das puntuacións establecidas no artigo 12 das bases da convocatoria, como as poderemos presentar? Existe algún formulario normalizado? Segundo a letra j) do artigo 7.1 das bases da convocatoria, esta puntuación deberá presentarse mediante un certificado asinado pola entidade solicitante, coa conformidade da persoa investigadora principal do grupo de investigación (ou da persoa directora do centro ou agrupación, no que se faga constar esa circunstancia) e a convocatoria na que obtivo o financiamento. Publicarase nas páxinas web da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, na sección correspondente a estas axudas, un formulario normalizado (de uso voluntario) para indicar esta puntuación.	Artigo 12: Comisión de Selección Artigo 7: documentación da solicitude inicial
Cando comezarán os contratos derivados destas axudas? Comezarán o día 1 de xullo de 2025, agás para as persoas non comunitarias que poderá ser ata o 15 de setembro de 2025. Esta data quedará fixada na correspondente resolución de adxudicación.	Artigo 15.4: data de comezo dos contratos
No caso de obter a axuda para a primeira fase, podería renunciar antes da finalización dos 3 anos de contrato? Si. O mecanismo das renuncias figura no artigo 17 das bases da convocatoria: a entidade beneficiaria deberá informar á Secretaría Xeral de Universidades ou á Axencia Galega de Innovación (segundo sexa o caso), enviando un escrito motivado asinado pola persoa seleccionada, <u>nun prazo máximo de 15 días naturais desde que esta se produza</u>. Deberase acompañar dun informe da entidade beneficiaria indicando se a persoa contratada desenvolveu unha actividade satisfactoria que permitise o seu perfeccionamento e especialización profesional durante a permanencia no programa. Por outra banda, teña en conta que o segundo parágrafo do artigo 20.1 indica que soamente serán financiados os contratos das persoas investigadoras que permanezan un mínimo de tres meses no programa, polo que non recibirán subvención aquelas axudas con persoas contratadas menos de tres meses.	Artigo 17: renuncia ás axudas, novas incorporacións

**PREGUNTAS FRECUENTES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN
POSDOUTORAL 2025, IN606B**

Pregunta	Asunto / Artigo
Quedei na lista de espera destas axudas. Podería acceder a estas? Si, se algunha das persoas contratadas inicialmente renuncia antes do 30 de setembro de 2025. Se se dera este caso poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera do órgano instrutor no que se producira a renuncia (isto é, a lista de espera das solicitudes procedentes do Sistema Universitario de Galicia é independente da lista de entidades alleas a este). Se se produce unha renuncia dunha persoa que acadara a condición de bolseira Fulbright, terán preferencia sobre as que se incorporen da lista de agarda para obter esta condición, por orde de puntuación, as persoas seleccionadas que cumpren as condicións para ser bolseiras Fulbright pero que non a acadaron por superar o número máximo establecido no artigo 3.	Artigo 17: renuncia ás axudas, novas incorporacións
Poderei cambiar de área temática e/ou de entidade durante a segunda fase de formación posdoutoral? Non, de acordo co artigo 3.2 das bases da convocatoria, o contrato da segunda fase deberá desenvolverse na mesma entidade e pola mesma área na que a persoa contratada desenvolveu o contrato na primeira fase de formación posdoutoral. Non se autorizarán cambios de praza e área durante a vixencia do contrato, agás por circunstancias sobrevidas de forza maior correctamente xustificadas.	Artigo 3.2.b) Artigo 18.2.a)
Se consigo ser contratado con cargo a estas axudas, canto gañarei mensualmente? Dependerá do contrato de acceso de persoal investigador doutor que asine coa entidade beneficiaria da axuda. Neste senso, o artigo 15.2 indica unha serie de cuestións básicas ás que deberá facer referencia expresa o contrato. Para o resto de cuestións relativas a este deberá consultar coa entidade beneficiaria das axudas, que é coa que vostede asina o contrato e, polo tanto, a encargada de aboarlle a súa nómina.	Artigo 15.2: contratos